

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA TURISMO DE GALICIA E O CONCELLO DE BANDE PARA A APERTURA AO PÚBLICO E REALIZACIÓN DE VISITAS AO COMPLEXO ARQUEOLÓXICO AQUIS QUERQUENNIS

O xerente de Turismo de Galicia

DECLARA:

Que esta Axencia Turismo de Galicia formalizou co Concello de Bande o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o día seguinte á data da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2022.

Que o instrumento convencional ten por obxecto establecer o marco de colaboración entre Axencia Turismo de Galicia e o Concello de Bande para a apertura ao público e a realización de visitas ao complexo arqueolóxico Aquis Querquennis no concello de Bande.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se **fundamenta** no seguinte:

Primeiro.- A Comunidade Autónoma de Galicia ten competencias, con carácter exclusivo, tal e como se desprende do contido do seu Estatuto de Autonomía, en materia de promoción e ordenación do turismo dentro da comunidade (artigo 27.21).



Tal e como establece a Lei 7/2011, de 27 de outubro, do turismo de Galicia, a Xunta de Galicia, propiciará unha ordenación racional, equilibrada e sustentable dos recursos turísticos co obxectivo de garantir o equilibrio territorial e, para conseguir este fin, establecerá as pertinentes canles de cooperación con outras administracións tanto estatais como autonómicas e locais, así como co sector privado.

A Axencia de Turismo de Galicia é a entidade da Xunta de Galicia á que lle corresponde o exercicio, entre outras, das competencias en materia de ordenación, promoción, xestión e fomento do turismo.

A Axencia de Turismo de Galicia ten entre os seus obxectivos básicos levar a cabo accións de potenciación e desenvolvemento do turismo na Comunidade Autónoma de Galicia, como un factor de crecemento económico, polo que entre as súas prioridades está a de contribuír á realización de actuacións que impliquen conseguir este obxectivo.

Segundo.- As entidades locais teñen atribuídas, a teor dos artigos 80 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia e 25.2 h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, posto en relación coa Lei 7/2011, do 27 de outubro, do turismo de Galicia, competencias en materia de información e promoción da actividade turística de interese e ámbito local.

Entre as competencias que, no relativo ás relacións coas entidades locais galegas, lle corresponden á Xunta de Galicia, de acordo co disposto nos artigos 194 e 195 da Lei 7/1997, do 22 de xullo, de administración de Galicia, está a de cooperación e colaboración, as cales se poden levar a cabo mediante a formalización de convenios.

Para lograr esta finalidade a Axencia de Turismo de Galicia, acomete, no ámbito das súas competencias, un decidido apoio ás iniciativas das entidades locais.

Terceiro.- - O campamento romano e mansio viaria de Aquis Querquennis está no lugar de Porto Quintela, parroquia de Santa Comba, no concello ourensán de



Bande. Trátase dun conxunto arqueolóxico formado polo campamento e mansio vinculados co paso da vía XVIII de Antonino ou Vía Nova, que presenta un gran valor científico e patrimonial derivado da información obtida polas continuas campañas de escavación desenvolvidas ao longo de varias décadas.

Este xacemento ten un indubidable valor histórico e arqueolóxico e, dentro dos existentes en toda a Península Ibérica, é o máis extensamente escavado, investigado, monumentalizado e posto en valor entre os do seu xénero, ademais de ser un dos únicos campamentos militares romanos permanentes coñecidos en Galicia, xunto co de Cidadela (Sobrado dos Monxes).

Está situado na ribeira dereita do río Limia, no fondo do val, ao carón do actual encoro das Conchas, e estreitamente vinculado coa vía romana XVIII do Itinerario Antonino, que comunicaba os conventos xurídicos de Bracara Augusta e Asturica Augusta, e como lugar de asentamento permanente dunha unidade militar para actuar, cara a finais do século I d.C., como base de operacións para a construción da referida vía de comunicación.

Os datos resultantes das investigacións semellan indicar que tivo unha curta ocupación que non iría alén do primeiro terzo do século II d. C. Probablemente, a unidade militar que albergou foi unha cohorte (600 soldados) vinculada á Legio VII Gemina con sede na antiga León.

As escavacións das cales foi obxecto deron como resultado a obtención de moita información sobre a estrutura arquetípica deste tipo de asentamentos militares.

En relación co seu valor cultural sobranceiro, que o destaca e o fai singular entre o resto de xacementos arqueolóxicos de Galicia, e despois do informe favorable do Consello de Cultura Galega, á Real Academia de Belas Artes Nosa Señora do Rosario e á Facultade de Xeografía e Historia da Universidade de Santiago de Compostela, o Consello da Xunta de Galicia aprobou o Decreto 101/2018, do 6 de setembro, polo que se declara ben de interese cultural, coa categoría de zona arqueolóxica, o campamento romano e mansio viaria de Aquis Querquennis.



Cuarto.- O obxectivo da actuación é a posta en valor do complexo arqueolóxico Aquis Querquennis como un dos principais focos de atracción turística do Concello de Bande. No centro de interpretación Aquae Querquennae-Vía Nova recóllense estatísticas de visitantes no centro. Considérase que o número de visitantes é bastante superior ao estimado na afluencia turística anual, arredor de 10.000 visitas/ano, debido a que nesas enquisas só se reflicten as persoas que entran ao centro de interpretación, pero non as que se achegan a gozar do xacemento romano (campamento militar e mansio) ou das termas de Os Baños, entre outros lugares, sen pasar polo centro. Outro hándicap na valoración das estatísticas é a apertura intermitente do centro de interpretación, o que dificulta unha avaliación anual completa.

O Complexo é un dos recursos turísticos que constitúe un valor diferenciado non só do concello senón da nosa Comunidade Autónoma. Por este motivo, as partes consideran necesario formalizar un convenio de colaboración, posto que se trata dunhas accións de interese común definidas para potenciar o turismo cultural non só no concello de Bande senón tamén na Comunidade Autónoma.

Que a través deste convenio, outórgase ó Concello de Bande unha subvención directa en virtude do disposto no artigo 19.4 c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, polas razóns de interese público, social, económico e humanitario expostas nos puntos anteriores que dificulta a súa convocatoria pública, de conformidade co previsto no artigo 26.2.a) da Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase



xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela

O xerente de Turismo de Galicia

Antonio Casas Calviño

